



**ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL,  
CELEBRADA O 17 DE XUÑO DO 2023**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día dezasete de xuño do dous mil vinte e tres, ás doce horas, **comparecen** os/as candidatos/as ás eleccións locais de 2023 pola circunscrición municipal de Monforte de Lemos, que foron proclamados/as **electos/as** pola Xunta Electoral de Zona.

Constan no expediente da sesión:

- As credenciais expedidas pola Presidenta da Xunta Electoral de Zona de Monforte de Lemos.
- As declaracións de actividades, de bens e incompatibilidade, formuladas de acordo co art 75.7 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

Figuran os/as comparecentes na acta de proclamación da seguinte forma:


1. JOSÉ TOMÉ ROCA (PSdeG-PSOE)
2. GLORIA MARÍA PRADA RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE)
3. IBAN TORRES RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE)
4. MARÍA DEL PILAR ESPINOSA NOVELLE (PSdeG-PSOE)
5. JOSÉ LUIS LOSADA FERNÁNDEZ (PSdeG-PSOE)
6. MARINA MARÍA DOUTON RAJO (PSdeG-PSOE)
7. JOSE MANUEL MOUGÁN SOBREDO (PSdeG-PSOE)
8. REGINA LOPEZ ARIAS (PSdeG-PSOE)
9. GUILLERMO DIAZ AIRA (PSdeG-PSOE)
10. MARGARITA LOPEZ RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE)
1. KATHERINIE VARELA FERNANDEZ (PP)
2. JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ VARELA (PP)
3. MARÍA LUISA VÁZQUEZ LÓPEZ (PP)
4. VICTOR MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ (PP)
1. EMILIO JOSÉ SÁNCHEZ IGLESIAS (BNG)
2. MANUEL LUACES FERNÁNDEZ (BNG)
1. JAIME GERMÁN VÁZQUEZ PÉREZ (ESPERTA MONFORTE!)

Asisten tamén o **Secretario** da Corporación municipal, D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto, e a **Interventora accidental**, D<sup>a</sup> María Inmaculada Buján Arias.

O obxecto da sesión é proceder á constitución da Corporación municipal e á elección de Alcalde, de conformidade co disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral (LOREX), e no artigo 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), seguindo a orde do día da convocatoria efectuada para ese efecto.

*Pleno da Corporación*

*Sesión constitutiva do 19.06.2023*



**1º.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL XURDIDA DAS ELECCIÓNS CELEBRADAS O 28 DE MAIO DO 2023.**

Procédese en primeiro lugar a constituír a Mesa de Idade, que queda integrada por D. José Tomé Roca e D. Manuel Luaces Fernández, de maior e menor idade respectivamente dos electos/as, presidindo o primeiro dos citados e actuando de Secretario quen o é da Corporación.

A efectos de toma de posesión como Concelleiro ou Concelleira, os/as proclamados/as electos/as deben prestar xuramento ou promesa segundo a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, que para este acto concrétase da seguinte forma:

*“Xuro/prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro/Concelleira do Concello de Monforte de Lemos, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.*

Así o fixeron os integrantes da Mesa de Idade previamente a constituíla, e despois os demais electos/as, que foron chamados seguindo a lista pola que se presentaron, en orde de máis a menos votada, pasando a ocupar tras iso o asento correspondente.

O xuramento ou promesa foi efectuado por todos/as, sen prexuízo dalgunha omisión, engadido ou modificación respecto á fórmula regulamentaria. Así pois, todos/as **adquiren a condición de Concelleiro/Concelleira** do Concello de Monforte de Lemos, figurando a continuación segundo a lista pola que se presentaron e a orde de colocación nela:

PSdG-PSOE

**D. José Tomé Roca**

**Dna. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez**

**D. Iban Torres Rodríguez**

**Dna. M<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle**

**D. José Luis Losada Fernández**

**Dna. Marina María Douton Rajo**

**D. José Manuel Mougán Sobredo**

**Dona Regina López Arias**

**D. Guillermo Díaz Aira**

**D<sup>a</sup> Margarita López Rodríguez**

PP

**Dona Katherinie Varela Fernández**

**D. José Luis Rodríguez Varela**

**D. María Luisa Vázquez López**

**D. Victor Manuel Rodríguez López**

BNG

**D. Emilio José Sánchez Iglesias**

**D. Manuel Luaces Fernández**

Esperta Monforte

*Pleno da Corporación*

*Sesión constitutiva do 19.06.2023*



**D. Jaime Germán Vázquez Pérez**

Polo Sr. Presidente déclarase **constituída a Corporación municipal** xurdida das eleccións celebradas o 28 de maio do 2023.

Faise constar polo Sr. Secretario que de acordo co art.36.2 do ROF está a disposición dos Sres./as. Concelleiros/as a documentación referente ao arqueo de fondos cos xustificantes das existencias en metálico e valores, así como a relativa ao inventario de bens municipais.

Procede pasar ao punto segundo da orde do día.

## **2º.- ELECCIÓN DE ALCALDE/ALCALDESA.**

A elección desenvólvese segundo o previsto no art. 196 da LOREX. Son electores/as todos/as Concelleiros/as e elixibles quen encabezan as listas das respectivas candidaturas.

A votación faise polo sistema ordinario de man alzada e ten o seguinte resultado:

- D.José Tomé Roca.....10 votos.
- Dna.Katherinie Varela Fernández.....4 votos.
- D. Emilio José Sánchez Iglesias .....0 votos.
- Dna.Mª Isabel García Díaz.....0 votos.
- Tres abstencións dos concelleiros do BNG e o concelleiro de Esperta Monforte.

Tendo obtido a maioría absoluta dos votos, **é proclamado Alcalde** electo do Concello de Monforte de Lemos **D. José Tomé Roca**, que é chamado, para tomar posesión do cargo, a prestar xuramento ou promesa segundo a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, que se concreta da seguinte forma:

*“Xuro/prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Monforte de Lemos, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.*

Así o fai D. José Tomé Roca, e despois de recibir o bastón de mando do Sr. Secretario do Concello, pasa a ocupar a presidencia da sesión como Alcalde de Monforte de Lemos e Presidente do Pleno municipal.

Procede a continuación o Sr. Alcalde a dirixir á Corporación municipal e aos presentes no acto, as seguintes palabras:

Sr. Secretario  
Sras e Sres Concelleiros  
Familia  
Funcionarios

*Pleno da Corporación*

*Sesión constitutiva do 19.06.2023*

Sras. e Sres.

Bos días a todos e gracias pola asistencia.

En primeiro lugar, agradecer aos veciños e veciñas de Monforte o inmenso apoio político que nos deron o pasado día 28 de maio, en forma de maioría absoluta para seguir Gobernando o Concello de Monforte como viñemos facendo ata agora e para que levemos a cabo na medida das nosas posibilidades o programa que validaron cos seus votos os monfortinos e monfortinas.

Que sepan os veciños e veciñas, que o faremos con firmeza e determinación, porque a min gústame cumprir a palabra e para iso nos votaron amplamente.

-Durante a campaña electoral, era o candidato do Partido Socialista, pero a partir de hoxe, serei o Alcalde de todos e todas.

Trataremos de cumprir o máis fielmente posible o noso programa electoral, que por certo, algún dos compromisos xa está en marcha e vai significar unha mellora importante para Monforte.

Quero agradecer tamén, o traballo dos candidatos, dos afiliados, dos interventores e de todas as persoas que me axudaron a acadar estes excelentes resultados electorais.

É unha honra ser o voso Alcalde, para seguir presidindo o Goberno Municipal, para continuar levando ó noso Concello polo Camiño do Progreso, como viñen facendo nestes últimos 8 anos.

No inicio do terceiro mandato, nunca os monfortinos e monfortinas habían dado tanto apoio político ó gañador das eleccións como nesta ocasión, obtendo o 55,6% dos votos válidos á candidaturas, supoñendo 1.000 votos máis que a suma do resto de partidos políticos xuntos, o que representa o 58,82% da Corporación, preto do 60%.

Hoxe iniciamos un mandato que vai ser moi positivo para Monforte, a medida que vaíamos facendo realidade os compromisos que figuran no noso programa que votaron maioritariamente os veciños e veciñas de Monforte.

Os veciños e veciñas de Monforte apostaron por un Goberno estable, serio, responsable e que cumpre cos seus compromisos.

Quero dicirlle aos monfortinos e monfortinas, no nome dos 10 Concelleiros e Concelleiras, do Equipo de Goberno, que estean tranquilos, que non se equivocaron, que este Alcalde e o meu Equipo de Goberno, imos traballar dende mañá mesmo

*Pleno da Corporación*

*Sesión constitutiva do 19.06.2023*



para cumprir os nosos compromisos e cos nosos proxectos, validados cos votos dos cidadáns.

Temos o aval dos nosos veciños e veciñas para levar a cabo o noso programa electoral.

Dentro de 4 anos, Monforte terá experimentado un cambio positivo moi importante, transformando a nosa cidade e o noso Concello para gañar o Futuro.

Tamén é de xustiza agradecer o traballo e a dedicación do que ata hoxe foi Concelleiro de Medio Ambiente, Miguel Tomé López, deixando unha impronta moi positiva no seu bon facer no traballo do Equipo de Goberno do pasado mandato.

Non me quero esquecer de dar as grazas á miña familia e a de todos os Concelleiros, por entender e permitir a cantidade de horas e de días que lle dedicamos á actividade política, co obxectivo de mellorar a vida dos monfortinos e monfortinas.

Moitas grazas a todos vostedes, saúde e unha aperta para todos. Levantámola sesión.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as doce horas e corenta minutos do expresado día, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

Vº e Pce.  
O Alcalde,

José Tomé Roca